



## Instrucións iniciais para o curso 2021-2022

---

1. Manteremos o horario habitual e o ensino será presencial en todos os niveis.
2. As clases efectivas iniciaranse tras as presentacións, o luns 20 de setembro, e transporte e cafetería funcionarán con normalidade extremando as medidas de seguridade.
3. Reorganizamos o centro co fin de cumprir estritamente as instrucións da Consellería de Educación (aulas, tránsito de corredores e uso de espazos comúns). Unha vez aprobado polas autoridades competentes, publicaremos na web do centro o *Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2021-2022*.
4. O alumnado poderá acceder ao centro a partir das 08:40 (16:25 a tarde do martes). Teremos habilitadas tres portas de entrada e de saída distribuídas por cursos. O alumnado será informado o día da presentación das pautas a seguir.
5. Non esquezan:
  1. Entregar asinada o día das presentacións a *declaración responsable de autoenquisa clínica diaria* que poden descargar da web. É esencial que comunique ao centro de xeito inmediato calquera información relevante neste sentido.
  2. O uso da máscara é obrigatorio en todo o recinto escolar en todo momento, e o alumnado debe traer outra de reposto.
  3. O alumnado hixienizará as mans ao entrar e ao saír do centro, e ao entrar e ao saír de cada unha das aulas que empregue.
  4. As familias non poden acceder ao centro agás para as xestións imprescindibles, evitando en todo o momento as horas de entrada e saída, e o tempo dos recreos. As canles de comunicación durante o presente curso serán fundamentalmente a páxina web do centro e a aplicación Abalar.

A Estrada, 13 de setembro de 2021

**Dirección e Equipo Covid**